

Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de familias de persoas afectadas pola síndrome de Asperger (ASPERGA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ten previsto formalizar coa Asociación galega de familias de persoas afectadas pola síndrome de Asperger (ASPERGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico correspondente a esa data, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación ASPERGA, nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA nivel de apoio I e II, sen déficit lingüístico nin cognitivo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.



Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Síndrome de Asperger e TEA nivel de apoio I e II, sen déficit lingüístico nin cognitivo.

2. Que a Asociación ASPERGA é unha entidade de Utilidade Pública que nace en xaneiro de 2006 co obxectivo principal de loitar pola inclusión das persoas con Síndrome de Asperger, ofrecendo servizos especializados, asesoramento e apoio e servindo de punto de unión para as familias.

Que entre os fins da Asociación ASPERGA figuran:

a) Promover o ben común das persoas con Síndrome de Asperger, socios, fillos ou tutelados dos asociados, por medio de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais e deportivas.

b) Promover, crear, organizar e patrocinar centros de diagnose ou avaliación, unidades de tratamento e atención especializada, investigación e experimentación, centros de terapia, centros de pedagogía especial, residencias, unidades de captación para o traballo, talleres protexidos, unidades hospitalarias, servizos médicos, de conformidade cos plans de actuación que aprobe a asemblea xeral.

c) Informar e asesorar sobre os problemas xerais da Síndrome de Asperger en todos os círculos posibles.

d) Representar e defender os intereses das persoas con Síndrome de Asperger e as súas familias diante de toda clase de organismos, administración central, institucional, local e autonómica, persoas físicas ou xurídicas, entidades públicas ou privadas, de calquera clase ou natureza, tanto nacionais como internacionais.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada ao seu título II pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), recoñece que “as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional”, e, para iso, deberán asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións



educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA nivel de apoio I e II, sen déficit lingüístico nin cognitivo, así como da formación do profesorado e do asesoramento e atención ás familias dese alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

